

ROCKY E BULLWINKLE: CLÁSICOS MODERNOS DA ANIMACIÓN

por Kike Benlloch

O ano 2000 estrenábase a película de imaxe real de *Rocky e Bullwinkle*, na que participaban actores tan coñecidos como **Whoopi Goldberg**, **Rene Russo** e **Jason Alexander**. O filme está protagonizado polos mesmos personaxes da serie de animación emitida polas canles autonómicas. Quizáis sorprenda o feito de que a longametraxe contase con tantas caras coñecidas e que saise adiante coa decidida iniciativa de **Robert De Niro**. **De Niro**, un gran fan de *Rocky e Bullwinkle* e un dos grandes nomes de Hollywood, non só actúa na película, senón que tamén é o produtor da mesma. Aínda que aquí están pasando polas nosas pantallas televisivas bastante desapercibidos, en EEUU Rocky e Bullwinkle son verdadeiros iconos culturais herdados da memorable década dos 60.

A SERIE

A priori a idea non podía parecer máis desorbitada ¿Un esquío voador (Rocky) e un alce intelectual (Bullwinkle) de protagonistas? Baixo o título "*Rocky e os seus amigos*", nacíu a serie en 1959, da man do seu creador, **Jay Ward**, e chegaría ós trescentos vinteseis episodios. Sofisticada, con certa carga política, e altamente satírica, foi a primeira serie de debuxos animados que atraía tanto ó público infantil como ó adulto, aínda que como explica o experto **Louis Chunovic**, "*uns e outros rían en momentos totalmente distintos do programa*".

Narrativamente, a serie ten elementos tan innovadores como a interacción entre os personaxes e a voz do narrador, as autorreferencias explícitas, e o humor absurdo ("*¿Non é ese o alce que mataches no episodio anterior?*" -- "*É a súa serie, se quere ser malo de matar, é cousa súa.*").

Rocky e Bullwinkle estrutúrase en cinco seccións, sendo a primeira e a derradeira as dos protagonistas, acabadas polo clásico "*continuará*". Nas outras preséntanse contos clásicos cun xiro paródico, a sección cultural de Bullwinkle (e os seus problemas para recitar poemas), e unha visión cómica de coñecidos eventos históricos.

O MARCO HISTÓRICO

A serie fíxose popular nos EEUU de **Kennedy**, nunha época de só tres ou catro canles televisivas na que as regras da mesma non estaban aínda escritas. Ninguén tiña claro en que franxa horaria debían ir os debuxos animados, e se servían para adultos tamén, ou só para nenos.

Rocky e Bullwinkle tiñan que enfrontarse ás malas artes dun espía (con acento ruso) procedente dun país imaxinario onde a integridade da poboación estaba formada por espías e saboteadores. Toda unha evidente carga de sarcasmo dun produto televisivo creado e desenvolvido na fase máis dura da Guerra Fría.

OS SEGUIDORES

O cineasta **Steven Spielberg** e o escritor **Ray Bradbury** cóntanse entre os máis ilustres afeccionados a *Rocky e Bullwinkle*. Xunto a eles, **Matt Groening**, creador dos famosos *Simpson*, unha serie que en certa medida é a contrapartida a aquela, na década dos 90. **Groening** lembra: "*Rocky e Bullwinkle foi un dos programas que máis me influíu para entrar no mundo dos debuxos animados. Con ela aprendín que a calidade da animación non era tan importante, senón que a diferenza a marcaban os bos guións, as boas voces, e a música. Encántame*".

O CREADOR

Jay Ward, irreverente e descarado na súa relación coas emisoras de televisión e cos patrocinadores comerciais das mesmas, era un tipo que se ría de todo, capaz de facer un espectáculo cómico mesmo da boda da súa filla. Traía de cabeza aos censores, e tiña por hábito publicitar *Rocky e Bullwinkle* facendo circular notas de prensa delirantes, a cada cal máis sorprendente. Nelas incluía desquiciados cuestionarios, ríase da televisión de pago, e nunha ocasión chegou a facer unha chamada a potenciais suicidas para que convertesen o seu final nun espectáculo público que axudase a promocionar a serie (unha das propostas: Tirarse das cataratas do Niágara disfrazados de alce).

OS DEBUXOS

Graficamente, *Rocky e Bullwinkle* caracterízanse pola síntese e a sinxeleza, a recurrencia dos fondos e as cores planas. Por unha banda este estilo debíase á sobria financiación, pero, desde outra perspectiva, respondía á filosofía de "non distraer o humor coa vista", que primase o contido cómico sobre o continente minimalista. Desde **Disney**, **Hanna-Barbera**, **Warner** e outras produtoras de animación, a resposta era o desprezo: Consideraban *Rocky e Bullwinkle* como televisión barata, unha actitude que só a vixencia da obra a pesar do paso do tempo demostrou como equivocada. O propio equipo creativo dirixido por **Ward** era minusvalorado por moitos dos seus colegas, catalogado como unha banda de inadaptados. A realidade era ben distinta: A maioría daqueles guionistas e debuxantes aprendera o seu oficio na mítica e iconoclasta **UPA**, a produtora de animación de series como *Mr Magoo*. **UPA** era, vista desde a actualidade, a vangarda creativa fronte ó convencionalismo de **Disney**. O que **Ward** fixo foi captar a estes creadores cando problemas internos na **UPA** os levaron a deixala. A eles e ao seu novo mentor uníaos o feito de aburrilos as producións de **Disney**, e arriscáronse con algo novo. Un produto fresco e innovador que marcou época.